

## RUDZIENKO

[Sharlon Lockhart, 2016]

**PASE ÚNICO:** 26 de marzo de 2018 | V.O.S.Inglés

*Rudzienko* (2016, 53')

**Dirección:** Sharon Lockhart

**Guión:** Sharon Lockhart

**Elenco:** Julia Barbarewicz, Weronika Buła, Aleksandra Ciechomska, Katarzyna Drozd, Małgorzata Jańczyk, Natalia Kruk, Dżesika Łazinka

**Son:** Zofia Moruś, Ola Pniak

**Montaxe:** May Rigler

**Fotografía:** Yori Fabian, Colin Trenbeath

**Produtoras:** Wojtek Markowski, Ola Knychalska, Sharon Lockhart (Polonia)

**Distribuidora:** Arsenal Berlín

**Formato de proxección:** DCP2K

**Idioma orixinal:** Polaco

### FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

*Double Tide*, 2010

*Podwórka*, 2009

*Lunch Break*, 2008

*Exit*, 2008

*Pine Flat*, 2006

*Goshogaoka*, 1997

### PREMIOS E FESTIVAIS

Berlinalde 2017 (Forum Expanded),  
Filmadrid (Mención especial Vanguardias)

### SINOPSE

Filmada ao longo de tres anos de colaboración cos residentes dun centro de socioterapia en Polonia, o filme de Sharon Lockhart mestura conversas filosóficas ou cotiás con accións teatrais e mundanas, demostrando a súa profunda humanidade. Inspirada en *El derecho del niño al respeto*, do pedagogo polaco Janusz Korczak.

«En *Rudzienko* as palabras cobran unha nova dimensión, un pouso que trascende o bucolismo dos escenario»

Jaime Pena, FILMADRID



## “Introducinme no cinema a través de obras estruturalistas de Andy Warhol ou Chantal Akerman”

**Entrevista a Sharon Lockhart**

Por *Sofía Nunes*

**Gustárame comezar esta entrevista preguntando sobre a túa formación en fotografía e vídeo.** Cheguei á arte a través da fotografía e introducinme no cinema a través de obras estruturalistas de artistas como Andy Warhol, Chantal Akerman ou Morgan Fisher. Os dous mundos, o cinema e a arte, forma culturas moi diferentes e sempre considere intelectualmente estimulante participar en ambos. Por exemplo, as discusións sobre o cinema tenden a enraizar na historia e teoría mentres que os do mundo da arte liganse adoito á experiencia directa.

**Como sitúas o teu traballo dentro da tradición filmica de vangarda e na fotografía documental?** O meu traballo sempre puxo en cuestión nocións convencionais do documento, tanto no filme como na imaxe fixa. Como mencionei antes, influencioume moito o cinema estruturalista. Tamén me interesan moito as imaxes e os métodos etnográficos.

**Dentro dos teus primeiros traballos de inicios dos anos 90 tes prestado especial atención a diferentes comunidades: obreiros, crianzas, agricultores, etc. Que che leva a traballar con estas comunidades e a colaborar con elas durante longo tempo?** Tendo a ser atraída por historias perdidas e as figuras creativas que as protagonizan. A través delas acabo traballando con persoas como as

mozas de *Rudzienko* ou os operarios dos estaleiros. A primeira parte deste proceso consiste en atopar algo ou alguén que estimule conceptualmente o meu interese e o segundo tenta respectar a relación moi persoal que establezo coas persoas coas que traballo. O seu entusiasmo e interese é o que me move. Acabamos por aprender xuntas durante un longo período de tempo.

**Na exposición *My Little Loves*, que reúne un conxunto de obras maioritariamente desenvolvidas desde 2009 até o presente, vemos como en *Rudzienko* a cámara volve a dirixirse a grupos de crianzas e adolescentes en Polonia. Podes contarnos quen son estas persoas, como as coñeciches e decidiches emprender proxectos con elas?**

Coñecín a Milena nos patios de Lodz cando traballaba en *Podwórka*. Continúei en contacto con ela e nun momento dado Milena expresou o desexo de escribir a historia da súa vida. Foi nese momento que descubrín a Korczak e o seu interese en dar voz ás crianzas. Milena e eu iniciamos esta viaxe xuntas e cando ela viviu en *Rudzienko* comecei a traballar con outras mozas de alí.

**A tensión entre o sentido de proximidade e de distancia fronte aos suxeitos retratados está moi presente no filme. Podes contarnos como pasaches o tempo coas protagonistas e como interactuastes?** O impulso do proxecto consistiu na creación dunha situación que posibilitase que as mozas desenvolveran a súa voz, non no sentido físico, senón no conceptual. Quixemos devolverlles un sentido de acción e liberdade onde as estruturas que lles serven de apoio permanente nas súas vidas (unha vida cotiá institucional) desaparecesen e onde elas se puidesen sentir libres para pensar e dicir o que quixeran. O tempo que pasamos xuntas diariamente incluíu unha diversidade de actividades. Comiamos sempre

calquera cousa xuntas, convertendo esa ocasión nun acontecemento marabilloso que se daba todos os días nun sitio novo, no campo, con flores. Deixámoas experimentar o campo, sentamos no chan, conversamos. Fixemos exercicios, físicos ou mentais. Foron talleres conducidos por todo tipo de persoas. Parte das nosas discusións ou actividades inspiraban algo que nos parecía que podía funcionar ben no filme. Aí procurabamos unha boa localización e reintroducíamos esa inspiración inicial. Moitas veces montabamos todo e afastámonos da cámara, deixando que as rapazas xogasen co que tiñamos preparado.

Publicado en <http://contemporanea.pt/>  
Tradución: Xan Gómez Viñas

\*\*\*

### A DIRECTORA

SHARON LOCKHART (Massachusetts, 1964) é unha influente artista norteamericana, graduada no San Francisco Art Institute que desenvolveu estadias de investigación e creación nas fundacións Radcliffe, Guggenheim e Rockefeller. Arestora traballa como profesora no California Institute for the Arts. Logo de máis de 25 anos de intenso traballo ten creado unha persoal e extensa obra, tanto no campo do cinema como da fotografía. Moitos dos seus proxectos precisan de anos de inmersión e colaboración coas comunidades filmadas, que dan como resultado diversas series de filmes e fotografías. Na súa primeira obra, *Goshogaoka* (1997), colaborou cun equipo de baloncesto feminino das aforas de Tokyo e coa coreógrafa Stephen Galloway. Noutros proxectos destacados, como *Pine Flat* (2005) centra a atención nun grupo de crianzas dunha comunidade rural de Sierra Nevada, California, namentres que outros filmes como *Lunch Break* (2008) ou *Exit* (2008) reparan no mundo do traballo e, máis concretamente, nos descansos e saídas da fábrica. O retrato da infancia en Polonia, rexistrada con trazos mestres en *Podwórka* (2009), forma un díptico exemplar con *Rudzienko*, a partir das ensinanzas do pedagogo polaco Janusz Korczak.

# NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TELF 981 560 250 | [www.numax.org](http://www.numax.org)